

TEXTO INTEGRADO DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO REDONDELA (B.O.P. nº 3, de 04.01.06; nº 33, de 16.02.06 e nº 194, do 07.10.10).

TÍTULO PRIMEIRO

Disposicións Xerais.

CAPÍTULO PRIMEIRO

Obxecto e ámbito de aplicación.

Artigo Un

1. O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas respecto ás modalidades de prestación dos servizos de subministración de auga potábel e saneamento no municipio de Redondela e as súas características, regular as relacións entre a Empresa e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigas básicas, así como recoller o ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.
2. A efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase “abonado” ao usuario que teña contratado o Servizo de Augas e/ou Saneamento. O abonado debe ser titular do dereito de uso do terreo, local ou industria, e terá depositado a correspondente fianza ao formalizar o contrato de subministración.
3. Denomínase “concesionario” ao adjudicatario da xestión integral do Servizo Municipal de Auga e Saneamento de Redondela, en virtude do contrato administrativo que rexe a súa concesión.

Artigo Dous

1. O Servizo de Abastecemento de Auga Potábel e Saneamento do Municipio de Redondela seguirá ostentando, en todo momento, a condición de Servizo Público Municipal do Concello de Redondela.
2. Os servizos aos que lles afecta este regulamento quedarán sometidos permanentemente ao control do Concello de Redondela, que poderá revisar os traballos realizados polo concesionario, en todo momento ou lugar.

Artigo Tres

As cuestións xudiciais e motivos de litixio que se produzan, como consecuencia das relacións reguladas no presente regulamento, quedarán sometidas ao foro e xurisdición dos xuíces e tribunais de Redondela, renunciando expresamente ambas partes ás que lles puidesen corresponder.

Artigo Catro

Correspóndelle ao concesionario, cos recursos ao seu alcance:

a) Planificar, proxectar, executar, conservar, e explotar as obras e instalacións necesarias para captar, regular, conducir, depurar, almacenar e distribuír auga potábel á poboación do municipio de Redondela, así como para recoller, conducir, separar e depurar as augas pluviais e residuais para o seu vertido ás canles públicas, con arranxo ás condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicábel, empregando para este efecto os recursos e medios actualmente dispoñíbeis e os que no futuro resulten dos investimentos que se realicen polo propio concesionario, ou lle sexan asignados.

A incorporación ao Servizo de obras e instalacións con posterioridade ao comezo da concesión, esixirá a súa recepción polo Concello e a sinatura da acta polo concesionario de adscrición das mesmas ao Servizo.

Incúmbelle ao concesionario a conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións destinadas a abastecemento e saneamento de augas que sexan executadas polo Estado, a Xunta de Galicia ou outras Administracións, unha vez que se produza a súa entrega ao Concello de Redondela e a adscrición aos citados servizos.

b) A subministración de auga e o servizo de saneamento a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e demais disposicións aplicábeis.

c) Subministrar auga aos usuarios, garantindo a súa potabilidade con arranxo ás disposicións sanitarias vixentes, ata o contador ou o límite da propiedade (considerada, con carácter xeral, como inicio da instalación interior do abonado), así como efectuar a recollida de augas fecais ou residuais desde o límite da propiedade do abonado.

d) Manter e conservar ao seu cargo as redes e instalacións necesarias para o abastecemento, así como a parte das acometidas que lle corresponda.

O concesionario garantirá, salvo causa xustificada, unha presión suficiente na rede, para abastecer adecuadamente en cada punto da mesma a edificios, construídos de acordo coa Normativa Municipal.

Para os efectos das obrigas do concesionario, este deberá realizar ao seu cargo o mantemento, substitución e reparación, no seu caso, do treito único de condución limitado pola rede xeral e o límite da propiedade. A chave de rexistro estará situada obrigatoriamente na vía pública fronte á propiedade do abonado.

e) Conservar en bo estado de funcionamento as instalacións existentes para a evacuación das augas pluviais e residuais, procurando o mellor uso posíbel da infraestrutura dispoñíbel, informándolle ao Concello das deficiencias que observe.

f) Dispor dun servizo permanente, dentro do Concello, para recepción de avisos de avarías e informarlle ao Concello, cunha antelación mínima de 72 horas, das interrupcións da subministración cando sexan planificadas.

Nas interrupcións da subministración o concesionario porá inmediatamente en coñecemento do Concello o alcance das circunstancias das devanditas interrupcións.

g) Informar aos abonados, sempre que sexa posíbel e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no contrato de subministración como resultado das súas actuacións ou de terceiros.

h) Colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación, que os abonados e público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

i) Contestar as reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.

k) Aplicar os prezos e cadros de tarifas correspondentes aos distintos tipos de subministración e saneamento que, en cada momento, se teñan aprobados.

l) O persoal do Concello de Redondela, ou no seu caso do concesionario, irá provisto obrigatoriamente dun documento expedido por el, no que consten os datos de identificación persoal e da súa condición profesional na empresa.

m) Aquelas outras que dimanen do prego de condicións, oferta e contrato de concesión, ou no futuro poidan ser pactadas entre as partes.

Artigo Cinco

Ademais dos dereitos que ao concesionario lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público e das recoñecidas á empresa adjudicataria no contrato concesional, o concesionario, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

a) Inspeccionar, revisar e intervir nas instalacións interiores da subministración que, por calquera causa, se encontren en servizo.

b) Percibir nas súas oficinas ou nos lugares destinados para o efecto, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, lles corresponda pagar aos abonados e usuarios polas prestacións que realizara o concesionario ou, no seu caso, foran utilizadas.

Artigo Seis

Son obrigas do abonado:

a) Todo abonado virá obrigado a aboar puntualmente os cargos que o Concello de Redondela, ou no seu caso o concesionario, lle formule con arranxo aos prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios aos que fai referencia o presente regulamento.

A obrigabilidade do pagamento dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos nos que os mesmos se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputábel ao concesionario.

b) Respetar as instalacións que integran a infraestrutura dos servizos, redes de distribución de auga potábel e evacuación de augas residuais e acometidas correspondentes, como bens de servizo público, prohibíndose a manipulación ou alteración de calquera elemento das mesmas polo persoal non autorizado.

c) Proporcionarlle ao concesionario os datos do seu interese, en relación co contrato de subministración e as variacións que poidan presentarse.

d) Manter as súas instalacións de forma que non se produzan perturbacións nas redes públicas de abastecemento e saneamento, e empregar de forma correcta as instalacións do servizo, adoptando as medidas precisas para conservarlas na forma adecuada, mantendo intactos os precintos que garanten a non manipulación do contador, absténdose de intervir sobre as instalacións de acometida, e garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo. Así mesmo, dispor dun equipo medidor do caudal en perfecto estado.

e) Os abonados deberán, en interese xeral e no seu propio, comunicarlle así mesmo ao concesionario calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, vertidos incontrolados, etc.) que, ao seu xuízo, se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas.

Analogamente, deberán comunicarlle ao concesionario a existencia de obstrucións na rede de saneamento, que produzan ou sexan susceptibles de produciren desbordamentos, cheiros ou calquera tipo de molestias aos cidadáns/ás.

Igualmente, deberán notificarlle ao concesionario, as manipulacións nas redes ou os usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

f) Cumprir as limitacións e prioridades que o Concello de Redondela, ou no seu caso o concesionario, coa autorización do Concello, estableza no uso e consumo de auga, así como da rede de sumidoiros.

g) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos, aos empregados da empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.

h) Os abonados non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuíta ou remuneradamente auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsábeis de toda defraudación que se produza na súa subministración, ben por si ou por persoa que del dependa.

Naqueles supostos de abonados que polo seu especial carácter xustifiquen excepcións a este apartado, as relacións de subministración regularanse mediante contratos individuais entre o concesionario e o abonado, que serán aprobados polo Concello.

i) Os abonados están obrigados a solicitar á Empresa a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique modificación no número de receptores ou cambio no uso da auga.

k) Cando o abonado desexa causar baixa na subministración, estará obrigado a interesar por escrito á Empresa a dita baixa cunha antelación mínima de 15 días, indicando a data na que debe cesar a subministración.

l) Cando nun mesmo terreo, xunto á auga do Servizo Municipal, existise auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a garantir a non introdución de auga doutra procedencia na rede pública.

O concesionario, non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións que non cumpran estas condicións, advertíndolles aos abonados da responsabilidade na que puidesen incurrir, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

m) O abonado deberá dispor pola súa conta as instalacións de elevación precisas para o abastecemento, naqueles casos nos que non quede garantida a presión adecuada, así como realizar as obras necesarias para recoller as augas residuais da parte de edificación situada baixo o nivel da beirarrúa, o que é un requisito previo para a obtención da licenza municipal.

Artigo Sete

Serán dereitos dos abonados:

a) Recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

b) Dispor permanentemente da subministración de auga potábel, con arranxo ás condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente regulamento e as demais disposicións de aplicación.

c) Ser informado de todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación á súa subministración, así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

d) Visitar, sen afectar ás esixencias da explotación e sempre previa solicitude ao concesionario, as instalacións para tratamento de auga e depuración de residuais, establecendo o Concello de Redondela, ou no seu caso o concesionario, baixo a súa responsabilidade e criterio, os momentos máis adecuados para garantir a menor interferencia coa prestación do servizo.

Artigo Oito

1) Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexa formular reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere calquera anomalía no seu funcionamento, poderá facelo mediante escrito dirixido á dirección do concesionario ou ao Concello.

2) Nas reclamacións que se poidan formular sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado.

Contra as resolucións da Empresa, poderá empregar o reclamante os recursos legais aplicábeis, segundo a materia da reclamación.

3) As reclamacións que se formulen por danos e prexuízos que se causen polo concesionario, rexeranse pola lexislación aplicábel, tendo en conta a súa natureza e o seu carácter contractual ou extracontractual.

4) As reclamacións faranse dentro das 48 horas seguintes á produción do dano.

CAPÍTULO II

Condicións do servizo

Artigo Nove

1. Enténdese por acometida de abastecemento o treito de entubado coas súas claves de rexistro e de paso que, partindo da rede de distribución, se estende ata o límite da propiedade da entrada principal do edificio ou inmóbel, para a súa adaptación á instalación particular.

A acometida de abastecemento entrará necesariamente polo portal principal do edificio ou lugar de acceso ao terreo que resulte máis próximo á vía pública.

2. Enténdese por acometida de saneamento o colector das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende desde o bordo da finca ou propiedade pública ou privada ata o rexistro de saneamento ao que está conectado.

Nas instalacións máis antigas de saneamento, onde puidese faltar o rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, no colector xeral.

Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento situada na vía pública fronte á propiedade do abonado, correrán a cargo do concesionario. No caso de non dispor de rexistro, o abonado poderá solicitar a construción deste ou o cambio de acometida, que correrá por conta do abonado.

O custo da substitución ou reparación das acometidas inutilizadas ou avariadas por outras razóns diferentes ás do seu normal uso, poderá ser facturado polo concesionario aos usuarios.

3. Denomínase rede de distribución de auga potábel ao conxunto de entubados, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalado en rúas, prazas, camiños e demais vías e espazos públicos para distribuír a auga á poboación.

4. Denomínase rede de saneamento ao conxunto de colectores, sumidoiros e rexistros, con todos os elementos de bombeo, control e accesorios, instalados en rúas, prazas, camiños e demais vías e espazos públicos, que serven para a evacuación das augas residuais ata os puntos de vertido ou estacións depuradoras.

Artigo Dez

1. A subministración de auga e/ou a evacuación das augas residuais farase polo concesionario con suxeición a este regulamento e demais disposicións de carácter xeral.

De calquera xeito, os vertidos a canles públicas realizaranse sempre nas condicións e circunstancias e cos límites impostos na vixente lexislación de augas, á que o presente regulamento deberá axustarse plenamente.

2. O concesionario, previa autorización do Concello, poderá establecer limitacións na prestación do servizo de subministración de auga ou para autorizar vertidos de augas residuais, ou realizar o dito servizo en precario, cando as circunstancias do caso así o fagan aconsellábel, segundo as condicións previstas neste regulamento.

3. Como norma xeral, non se concederán illadamente acometidas de subministración de auga potábel nin de vertido de augas residuais, polo que se tramitarán simultaneamente ambas solicitudes. As obras correspondentes executaranse, na medida do posíbel, tamén de igual forma, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

Artigo Once

1. A efectos de aplicación deste regulamento, considérase que un inmóbel pode dispor do servizo de auga potábel e de evacuación de augas residuais, cando existan redes de distribución de auga e colectores en servizo en terreo público lindeiro co inmóbel, e o novo enganche non represente unha caída de presión apreciable no abastecemento ou unha sobrecarga significativa no saneamento nos respectivos puntos de acometida.

Artigo Doce

1. Cando para a execución dunha acometida sexa preciso efectuar unha prolongación da rede xeral, correrá por conta do solicitante a totalidade dos gastos que se orixinen con motivo da dita ampliación, e farase constar no orzamento que se confeccione para o efecto.

2. As obras de ampliación executaranse con carácter xeral polo Concello, ou no seu caso polo concesionario e, ben directamente ou a través de empresa debidamente capacitada.

A dirección, vixilancia e inspección das ampliacións da rede efectuarase directamente polo Concello, ou/e polo concesionario, que fixarán, así mesmo, as condicións e especificacións técnicas que deberán ser observadas na súa execución.

3. As prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público. Naquelas partes da rede que se sitúen excepcionalmente en terreos privados, os propietarios dos terreos afectados polo paso do entubado porán a disposición do concesionario unha franxa de dous metros de ancho ao longo do percorrido da rede, sen que poidan obstaculizar, por ningún medio, o acceso do persoal ou maquinaria para reparacións e inspeccións.

Nos casos nos que o solicitante da prolongación da rede non fose propietario dos terreos por onde teña que discorrer a instalación, e non existise outra alternativa, aquel poderá convir co propietario a adquisición do terreo preciso ou constituír unha servidume de acueduto para o establecemento ou prolongación da rede, inscribíndoa no Rexistro da Propiedade.

4. O concesionario naqueles casos nos que a lonxitude da prolongación de rede afecte a varios terreos ademais do do solicitante, está facultado para repercutir o sobrecusto das obras entre os futuros solicitantes que se vexan beneficiados pola dita ampliación. Todo novo propietario que deba conectar a súa acometida á citada prolongación, satisfará, ademais do custo normal da acometida, un extracusto pola parte proporcional que lle corresponda, de acordo coa lonxitude do treito ou ramal da rede pública que lle afecte.

O concesionario distribuirá os ingresos derivados do extracusto entre os abonados que o fixesen efectivo anteriormente, que irán deste xeito resarcíndose das cantidades asumidas, a medida que se incorporen novos solicitantes de acometidas a ese treito. A contía do sobrecusto deberá ser indicada expresamente no orzamento de cada solicitante. O concesionario porá en coñecemento do Concello o inicio dos expedientes, as variacións que se produzan e a súa prescrición.

A obrigaçión do concesionario fronte ao primeiro solicitante dunha prolongación e, de forma derivada, fronte a todos os demais que poidan incorporarse posteriormente, prescribirá aos dez (10) anos de terse efectuado o pagamento desa primeira acometida.

5. Os edificios que se constrúan xunto a vías públicas nas que exista rede de abastecemento e saneamento deberán de conectarse obrigatoriamente ás mesmas, sempre que a distancia sexa igual ou inferior a cen (100) metros, e en tanto non se dispoña outra cousa nas regulacións municipais específicas.

6. Cando se leven a cabo obras de reforma, mellora ou ampliación da rede de abastecemento municipal é preciso proceder a instalar:
 - a) Os hidrantes precisos para o servizo contra incendios
 - b) As bocas de rego necesarias para uso exclusivo dos servizos públicos municipais de obras, parques e xardíns, limpeza, etc. Os hidrantes conectaranse á rede mediante acometida independente, en lugares facilmente accesíbeis e a unha distancia non superior a 100 metros.

Artigo Trece

1. As instalacións das redes de abastecemento e saneamento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas polo promotor e ao seu cargo, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello, e previo informe favorábel do concesionario, no seu caso.
2. Aos efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación de infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para conexión entre as distintas parcelas ou terreos edificábeis nos que se divida o terreo, como se se executan para unir a urbanización ou polígono con outra zona xa urbanizada e con servizos.
3. O permiso de acometida de subministración e saneamento para o polígono ou urbanización, así como para os terreos edificábeis e inmóbeis situados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:
 - os esquemas das redes interiores de distribución e saneamento, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ter sido aprobados polo Concello, previo informe no seu caso do concesionario do servizo e proxectados por técnico competente, debendo seren executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas técnicas en vigor.
 - as obras e instalacións previstas no proxecto aprobado e as modificacións que, convenientemente autorizadas polo Concello, previo informe, no seu caso, do concesionario, sexan introducidas posteriormente, executaranse igualmente por conta do promotor ou propietario, ou, no seu caso, por unha empresa instaladora homologada, e sempre baixo a dirección técnica do Concello, ou no seu caso do concesionario.
 - o Concello, ben directamente, ou ben a través do concesionario poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas e ensaios que estime convenientes, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten aos materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.
4. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de abastecemento ou saneamento nos posibles edificios, terreos edificábeis ou parcelas, sen a previa autorización do Concello e ter sido formalizado o correspondente acordo.
5. O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública, así como as súas modificacións ou eventuais reforzos que tivesen que efectuarse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse a cargo do promotor ou propietario da urbanización.
6. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo Concello, ben directamente ou ben a través do concesionario, que, se as encontrara conformes, informarlle ao Concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servizos de abastecemento e saneamento, unha vez lle sexa ordenado polo Concello.

Artigo Catorce

O dereito á subministración de auga e saneamento dun terreo edificábel, inmóbel ou terreo pode extinguirse:

- a) Polas causas previstas na póliza de servizo.
- b) Polo uso indebido das instalacións, que entrañe perigo para a seguridade do servizo ou danos a terceiros.
- c) Polo incumprimento das normas contempladas neste regulamento.

CAPÍTULO III

Acometidas

Artigo Quince

Non se poderán autorizar acometidas ás redes de distribución de auga e/ou para evacuación de residuais aos inmóbeis que non estean dotados da infraestrutura necesaria para ofrecer os servizos de abastecemento e saneamento, e todo isto con independencia das autorizacións ou licenzas das que puidera dispor o solicitante.

Artigo Dezaseis

1. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potábel e de evacuación de augas residuais deberá presentarse, de forma independente, para cada terreo que legal ou fisicamente constituía unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o Concello, ben directamente ou a través do concesionario, poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dunha subministración de auga ou dun colector de vertidos por outro terreo ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertencen ao mesmo dono. No caso de segregacións, divisións ou acumulacións, aínda

que non estivesen rexistradas oficialmente, deberán comunicarse estas circunstancias ao Concello para a modificación das condicións de acometida e, no seu caso, da póliza de servizo.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concesionario, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa do inmóbel, poderá contratar, á súa costa, acometidas independentes.

Artigo Dezasete

1. A solicitude de acometidas deberá acompañarse necesariamente da documentación que se indique en cada momento, regulamentada polo Concello.

2. O concesionario determinará, á vista dos datos que achegue o solicitante, das peculiaridades do inmóbel e do estado das súas redes, as características e condicións de contratación e execución das acometidas.

Para isto, o petionario da acometida estará obrigado a subministrarlle ao concesionario, cantos datos lle sexan solicitados en relación co terreo obxecto da petición.

3. O concesionario comunicarlle ao petionario, tan pronto lle sexa posíbel, e, en todo caso, no prazo máximo de trinta días, a súa decisión de aceptar ou denegar a acometida solicitada, e neste caso, as causas da denegación, podendo ser recorrida ante o Concello.

Artigo Dezaioito

O concesionario poderá denegar a solicitude de acometida ou acometidas ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

- a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.
- b) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a requisitos previos para a conexión ás redes públicas.
- c) Cando a cota de vertido do inmóbel para o que se solicita a acometida á rede de saneamento sexa inferior á da rede de condución xeral correspondente, debendo nese caso o propietario instalar, á súa costa, o sistema de bombeo axeitado.
- d) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.
- e) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, o grupo de elevación e alxibe correspondentes.

O concesionario poderá, se o abonado o acepta expresamente, contratar o servizo sen responsabilizarse das deficiencias producidas pola falta de presión.

f) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, as medidas de redución de presión adecuadas.

Artigo Dezanove

1. As avarías que se produzan na acometida de abastecemento no treito comprendido entre a chave de acometida e a fachada ou linde da propiedade do abonado, serán reparadas polo concesionario, de forma directa ou a través de empresas auxiliares, a costa dos gastos de mantemento xeral do Servizo.

2. O concesionario, confeccionará o orzamento para a execución das obras de acometida segundo o cadro de prezos vixente.

3. No prazo máximo dun mes, a contar desde a data de notificación ao petionario, este deberá facer efectivo o importe do orzamento sinalado na notificación. Pasado este prazo sen que se verifique o pagamento, entenderase que o petionario desiste das acometidas solicitadas.

4. Aboados polo petionario os importes regulamentarios, o concesionario, ou o contratista ao seu cargo, executará as acometidas, que deberán quedar finalizadas no prazo establecido no contrato. A partir do momento de execución, e realizadas satisfactoriamente as probas de subministración, o concesionario pasará a facturarlle ao abonado as tarifas correspondentes.

5. Unha vez executadas as obras, e non obstante o carácter fechado do orzamento daquelas, o concesionario, confeccionará a súa liquidación no prazo máximo de quince días hábiles seguintes ao da súa execución, e deberá estar a correspondente documentación a disposición do abonado.

Toda liquidación firme comporta, tanto para o contratante das acometidas como para o concesionario, a obriga de compensar inmediatamente á outra parte das diferenzas existentes entre o resultado da liquidación e as cantidades aboadas a conta.

CAPÍTULO IV

Póliza de servizo

Artigo Vinte

Denomínase póliza de servizo ao contrato suscrito entre o concesionario, e o abonado, que inclúe os termos e condicións pactados para a subministración de auga e a prestación do servizo de saneamento.

A póliza de servizo concederáse con carácter definitivo, se ben suxeita aos condicionantes legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación.

Artigo Vinte e un

1. Excepcionalmente, o concesionario, poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter provisional e temporal para obras.

Estas tomas concederanse sempre en precario, rexéndose polas mesmas condicións xerais establecidas, máis as que se poidan determinar particularmente para este caso.

2. En ningún caso se empregará para vivendas e locais a auga subministrada para unha acometida de obra. Ao finalizar as obras, o construtor comunicará este feito ao concesionario, e quedará clausurada automaticamente esta acometida, rexéndose a subministración polas condicións xerais establecidas, ou polas que se poidan establecer atendendo ao seu carácter e á súa finalidade.

3. Ata a sinatura das pólizas definitivas do servizo, manterase en vigor a póliza do servizo provisional para obra, e é o construtor ou solicitante autorizado o responsábel de aboar toda a auga consumida, que se lle facturará á tarifa non doméstica, independentemente do uso que tivese, e finalizará cando o concesionario, estime que remataron as mencionadas circunstancias.

4. Toda subministración cun prazo de duración inferior a dous anos, incluírá no orzamento de concesión os gastos de condena.

Artigo Vinte e dous

1. O contratante da subministración e saneamento será o titular ou titulares do terreo, local ou industria que cómpre abastecer, ou quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo.

No seu caso o contratante poderá ser o inquilino, con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ao concesionario, no caso de incumprimento do contrato de subministración e saneamento por parte do inquilino.

2. Non poderá ser abonado da subministración de auga e saneamento quen, téndoo sido con anterioridade para outro terreo, local ou industria, fose penalizado con suspensión de subministración ou resolución do contrato por falta de pagamento ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigas, cos recargos, xuros e gastos aos que houberse lugar, excepto que estea oportunamente recorrida a decisión en forma regulamentaria.

3. Toda acometida destinarase exclusivamente aos usos para os que fora solicitada e concedida, debéndolle comunicar previamente e abonado ao concesionario, calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade do terreo, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato de subministración, ambos deberán comunicar de forma fidedigna, dentro do prazo dun mes, o cambio que houbo, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministración a nome do novo titular.

5. Nos casos nos que os titulares do contrato de subministración fosen inquilinos, o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario á que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra similar ao seu nome.

Se houberse modificación de propiedade do terreo, local ou industria, o novo propietario entenderase inescusabelmente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puidesen causarlle ao concesionario, os inquilinos ou o anterior propietario do inmóbel, cando non os tivesen asumidos estes.

6. Nos casos nos que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só os poderá contratar o seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos nos que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal.

Artigo Vinte e tres

1. Para formalizar co concesionario, a póliza de servizo de abastecemento e saneamento, será preciso realizar previamente nas oficinas daquel a correspondente solicitude, de acordo coas condicións que se establecen neste regulamento.

2. A petición de servizo levarase a efecto en impreso normalizado que facilitará o concesionario. Nel, farase constar expresamente o nome do solicitante ou a súa razón social e domicilio propio; domicilio de subministración; carácter da subministración; uso ao que se prevé destinar a auga; domiciliación de notificacións.

3. Calquera cambio no domicilio citado para notificacións debe ser comunicado por escrito ao concesionario. De non facelo así, será eficaz a todos os efectos calquera notificación que se realice ao domicilio declarado polo asinante da solicitude, excepto no suposto de erro do concesionario ou entidade bancaria.

4. Ao impreso de solicitude acompañarase o Boletín de instalación, suscrito por un instalador autorizado e visado pola Dirección Provincial de Industria e Enerxía da Xunta de Galicia, acompañado, no seu caso, da licenza de apertura cando se trate de local comercial ou industria, licenza de primeira ocupación para o caso de vivendas ou da licenza de obras cando se trate de subministracións para este fin.

5. Cada subministración quedará circunscrito aos fins para os que se concedeu, quedando prohibido utilizalo con outras finalidades ou modificar o seu alcance, casos que, de pretenderse, farán necesaria unha nova solicitude.

Artigo Vinte e catro

1. O concesionario, poderá denegar a solicitude de póliza de servizo por calquera das causas seguintes:
 - a) Por omisión na solicitude de calquera dos documentos esixidos, e non se proceda ao seu achegamento polo solicitante tralo oportuno requirimento.
 - b) Por inadecuación das instalacións interiores ás prescricións regulamentarias vixentes no momento das peticións.
 - c) Por solicitar usos non autorizados neste regulamento ou por falsidade na comunicación dos datos.
2. Cando unha soa póliza de servizo xeral corresponda a todo un inmóbel, aplicaráselle cantas cotas de servizo como vivendas, locais ou dependencias, resulten afectadas á subministración e saneamento xerais. En caso de que non sexan independentes os locais ou dependencias que desenvolvan actividades industriais, procurarase independizar os consumos de uso non doméstico dos de uso doméstico, ben por medios tradicionais ou mediante a instalación de centralizadores de lecturas; no caso de que ambas solucións fosen imposíbeis ou de desproporcionado custo, ratearase ao consumo total do edificio entre o número de mínimos ou dependencias, facturando, ao consumo total dos mínimos afectos a uso non doméstico, a tarifa de uso non doméstico, e a tarifa de uso doméstico á suma restante.

Artigo Vinte e cinco

A prestación do servizo concederáse única e exclusivamente nas modalidades que se indican:

1. **USOS DOMÉSTICOS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias de vida, preparación de alimentos e hixiene persoal.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas ou anexos ás vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional nin de servizos de calquera tipo. Quedan excluídos da consideración de usos domésticos expresamente os garaxes, aínda cando sexan de uso particular e para un só vehículo.

2. **USOS NON DOMÉSTICOS (COMERCIAIS E INDUSTRIAIS).** Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción ou nos que se emprega para o acondicionamento, limpeza ou hixiene nun establecemento profesional, comercial, industrial ou de servizos.

Aplicarase esta modalidade a todos os locais ou establecementos nos que se desenvolva unha actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos, sexa ou non lucrativa, así como a centros de ensino, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizara o Servizo Municipal ou os laboratorios autorizados para o efecto, se determinase unha contaminación impropiedade das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrera o actuante.

3. **USOS MUNICIPAIS.** Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais e a aqueles centros ou servizos dependentes do Concello que determine este expresamente, coa comunicación pertinente ao concesionario, e que gozarán dunha exención total no pagamento da subministración de auga potábel.

O Concello autoriza ao concesionario a instalar contadores en todos e cada un dos puntos de subministración que lle afecten, calculándose polos servizos técnicos do concesionario os consumos municipais onde, as características dos ditos puntos, non poda instalarse contador. Para os efectos da exención no pagamento pola subministración de auga potábel a que se fai referencia no parágrafo primeiro deste número, non terán a consideración de usos municipais os correspondentes aos servizos de transporte urbano colectivo xestionado por concesión administrativa e os mortuorios que se prestan en réxime de empresa mixta.

4. **USOS ESPECIAIS.** Consideraranse subministracións especiais aqueles non incluídos nas modalidades anteriores, ben se trate de subministración contra incendios a tanto alzado, aforos, láminas e subministración singulares, e, en xeral, todos aqueles nos que non fose posíbel instalar elementos de medida.

Artigo Vinte e seis

1. Para a suspensión do servizo de abastecemento a un abonado, o concesionario, deberá seguir os trámites legais previstos para o efecto.

A utilización inadecuada por parte dun abonado do servizo de saneamento poderá arrastrar a suspensión do servizo de abastecemento, como medida complementaria.
2. O concesionario, poderá suspender o servizo de abastecemento e/ou saneamento a un abonado nos seguintes casos:
 - a) Por falta de pagamento dos recibos correspondentes durante dúas mensualidades, por entenderse que o titular renuncia á prestación do servizo.
 - b) Por falta de pagamento das cantidades resultantes de liquidacións firmes de fraude, ou no caso probado de reincidencia no mesmo.
 - c) En todos os casos en que o abonado empregue a auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.
 - d) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga ou evacuación de residuais a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo.
 - e) Cando o abonado non permita a entrada no local ao que afecta a póliza de servizo, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado polo Concello, ou no seu caso polo concesionario, e provisto da súa correspondente documentación

acreditativa, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga constar a negativa ante testemuñas, e en presenza dalgún axente da autoridade.

f) Por negligencia do abonado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que lle poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.

g) En caso de realizar vertidos non autorizados que poidan producir danos nas instalacións de saneamento ou depuración aténdose á lexislación vixente.

h) En caso de que o abonado empregue a auga para rego de hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual e o Concello prohiba os consumos para estes usos, por causas excepcionais.

i) En caso de que a instalación interior ou o equipo medidor non se axusten ás esixencias do Regulamento, e tales feitos fosen comunicados polo concesionario ao abonado.

3. Os gastos orixinados polo corte de subministración e/ou saneamento e o seu posterior restablecemento serán por conta do abonado, que non recuperará o servizo ata que non proceda ao seu pagamento.

TÍTULO SEGUNDO

Abastecemento de auga

CAPÍTULO V

Xeneralidades

Artigo Vinte e sete

1. Corresponde ao concesionario, a prestación dos seguintes servizos, relacionados co abastecemento de auga á poboación do municipio:

a) A captación, encoro, almacenaxe en depósitos, conducción, tratamento, distribución e subministración de auga para consumo público coa infraestrutura propiedade do Concello de Redondela, ou que fose transferida por outras Administracións para o mesmo fin, sen prexuízo das reversións que procedan ao extinguirse a concesión.

b) O mantemento e conservación das redes de distribución de auga, así como o control da execución das instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes.

c) Instalación de contadores, instalación de bocas de incendio e de rego, e de hidrantes, así como colocación e retirada de precintos de contadores e elementos de manobra e control.

d) A subministración de auga potábel para usos domésticos, comerciais ou industriais, ou outros expresamente autorizados.

e) Aqueles outros servizos e actividades que, con carácter accesorio ou complementario, se relacionan coa xestión e explotación do servizo de abastecemento de auga potábel, ou poidan afectala.

2. Os servizos regulados neste regulamento comprenden e alcanzan a poboación de Redondela e o seu termo municipal.

Artigo Vinte e oito

1. Para a execución das instalacións interiores é de aplicación a Orde do 9 de decembro de 1975 (B.O.E. do 13 de xaneiro de 1976 sobre "Normas Básicas das instalacións interiores de subministración de auga"). As prescricións desta norma xeral serán substituídas ou complementadas automaticamente por aquelas que, con ese carácter, se aproben no futuro.

2. Enténdese por instalación interior xeral de abastecemento a comprendida entre o límite da propiedade e a chave de saída do contador ou batería de contadores.

O seu mantemento correrá a cargo dos abonados. Calquera modificación da instalación interior xeral debe ser comunicada con anterioridade ao Concello, ou no seu caso ao concesionario.

O entubado instalarse de tal forma que, no caso dunha fuga de auga, esta se evacúe ao exterior da propiedade de forma visíbel. En calquera caso, a responsabilidade polos danos producidos por fugas de auga no interior da propiedade nesta parte da instalación corresponderá ao abonado.

3. Enténdese por instalación interior particular a parte de instalación interior comprendida entre a chave de saída do contador e os puntos previstos para servizo de abastecemento dentro do inmóbel, correndo a cargo do abonado ou usuario a súa substitución, reforma e conservación.

Calquera fuga de auga neste treito será medida polo contador e facturada ao abonado de acordo coas tarifas correspondentes. Se se tratase dunha fuga oculta, o abonado poderá solicitar do Concello, ou no seu caso do concesionario, a bonificación do 50% do importe do exceso de consumo detectado, sendo potestativo deste último, resolvendo en última instancia o Concello, analizadas as circunstancias de cada caso, proceder a esta bonificación, que non afectará á obriga inmediata de reparación da fuga, unha vez descuberta, por parte do abonado e á súa costa.

4. Para edificios de nova construción e naqueles casos nos que a rehabilitación do edificio afectase ás conducións interiores, é obrigatoria a instalación dunha batería de contadores divisionaria, en todos aqueles casos nos que se pretenda dar servizo a máis dun abonado coa mesma acometida.

5. A batería de contadores localizarase nun lugar provisto de iluminación eléctrica. O chan disporá dun desaugadoiro con capacidade suficiente.
6. O persoal do Concello, ou no seu caso do concesionario, terá libre acceso, e de forma permanente, ao recinto en onde estea instalada a batería de contadores, a fin de que poida verificar a inspección regulamentaria.
7. Con anterioridade á conexión á rede xeral de toda nova instalación interior, o Concello, ou no seu caso o concesionario, procederá a unha revisión minuciosa desta última, sen que poida efectuarse o enganche de non se acreditar o cumprimento das condicións previstas neste regulamento.

En consecuencia, queda prohibida a conexión de calquera instalación interior á acometida, sen previa autorización por escrito do Concello, ou no seu caso do concesionario.

Artigo Vinte e nove

1. O Concello, por iniciativa propia, ou a proposta do concesionario poderá establecer, a través do concesionario no seu caso, as condicións e prioridades no uso da auga potábel no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento e/ou distribución da auga, co obxecto de reducir o dano á poboación afectada, e, comunicando as medidas adoptadas. Informaráselles ás autoridades competentes e comunicarse a través dos medios de difusión máis adecuados

2.-Os abonados que preveñan empregar a auga para alimentar aparatos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución de presión na subministración e aqueles que desenvolven actividades ou presten servizos nos que a auga sexa elemento de necesidade permanente, deberán instalar depósitos con capacidade suficiente e adoptar, en xeral, as medidas precisas para garantir a continuidade do servizo.

É aconsellábel que o depósito teña unha dimensión que poida cubrir a subministración por un período de tempo correspondente ao consumo medio de corenta e oito horas.

3. O concesionario deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo unha póliza de seguro suficiente.

Artigo Trinta

1. En todos os edificios nos que a presión da rede no punto de acometida poida ser insuficiente para o correcto abastecemento, será obrigatoria a instalación do grupo elevador e depósito que garantan o abastecemento regular a todas as vivendas ou locais do terreo.

É aconsellábel que o edificio teña depósito de reserva, con capacidade superior ás corenta e oito horas de consumo normal.

2. Como medida de hixiene e control, recoméndase que estes depósitos dispoñan dos medios axeitados para a súa fácil e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriedade, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugadoiro e tubo de ventilación.

O desaugadoiro do depósito de reserva irá conectado á rede de pluviais.

3. Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriedade ao treito de acometida interior, é dicir, con posterioridade ao emprazamento do contador.

CAPÍTULO VI

Utilización do abastecemento

Artigo Trinta e un

O abonado, baixo a súa exclusiva responsabilidade, intransferíbel a terceiras persoas, non poderá:

1. Introducir augas doutra procedencia na rede de abastecemento municipal, aínda que estas fosen potábeis.
2. Inserir nos entubados de abastecemento, sen previa autorización do Concello, ou no seu caso do concesionario, bombas ou calquera aparato que modifiquen ou lle poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu contorno e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.
3. Revender ou ceder, incluso a título gratuito, a auga subministrada.
4. Modificar os accesos aos contadores e aparatos de medida, sen comunicación ao concesionario.
5. Empregar a auga do servizo público para fins distintos aos contratados.
6. Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.
7. Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos.
8. Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.
9. Romper ou alterar os precintos de medida.

Artigo Trinta e dous

1. O propietario dun edificio será responsábel das avarías que se produzan na instalación interior xeral (é dicir, a comprendida entre o límite da propiedade e a chave de saída do contador ou batería de contadores), tendo a obriga de advertir inmediatamente o concesionario cando teña coñecemento da avaría.
2. O propietario realizará, ao seu cargo, coa maior rapidez que lle sexa posíbel e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, a reparación das avarías que se presenten na instalación interior xeral, acordando co concesionario, o modo e data de reparación. O concesionario, realizará o corte provisional necesario para a reparación e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de restablecer o servizo.
3. Se, a xuízo do concesionario ou do técnico competente, se determinase que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, o concesionario, poderá suspender a subministración de forma inmediata, poñéndoo en coñecemento do interesado. Neste caso, como aqueles outros nos que exista necesidade de acometer a reparación con urxencia, o Concello, ou no seu caso o concesionario, poderá repercutir ao abonado os gastos nos que se incorrese, debidamente xustificadas.
4. A reparación das avarías que se produzan na instalación interior particular (é dicir, a posterior á chave de saída de contador), son de única responsabilidade do abonado, quen deberá realizar pola súa conta a reparación, que executará un industrial fontaneiro debidamente cualificado.
5. As reformas na instalación interior que execute o propietario dun edificio, nave ou local, con posterioridade á inspección executada para a alta, deberán serlle comunicadas ao concesionario, e suporán a necesidade dunha nova inspección e autorización, cuxos custos correrán a cargo do abonado. De non realizarse esta comunicación, no caso de eventuais fugas na instalación interior, calquera que sexa a súa natureza, o concesionario non aplicará ningunha redución na facturación da auga perdida.

Artigo Trinta e tres

1. A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contra incendios requirirá a sinatura dun contrato específico entre o concesionario e o abonado.
2. O dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministración ordinaria e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles. A utilización das acometidas de incendios quedará restrinxida ás persoas autorizadas directamente polo abonado que as tivese solicitado ao concesionario e aos servizos públicos destinados á extinción de incendios.
3. Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas por persoal do concesionario, entendéndose que foron empregadas cando desapareza o precinto. De non teren sido utilizadas na extinción dun incendio, o abonado debe poñelo en coñecemento do concesionario, co obxectivo de que se repoñan os precintos correspondentes e evitar posíbeis responsabilidades derivadas.
4. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes no terreo na que se instalan e non poderá ser conectada ningunha derivación para outros usos.
5. Nas instalacións contra incendios, non se instalará contador nin se rexerá ningún cargo derivado do maior ou menor consumo de auga nin polos seus vertidos á rede de pluviais. De ser precisa a utilización da boca de incendio, facturarase exclusivamente polo concepto de dispoñibilidade do servizo e pola tarifa mínima industrial vixente en cada momento.
6. Todos os edificios de vivendas colectivas deberán levar bocas de incendio no interior do edificio. As instalacións contra incendios no interior dos edificios non se poderán empregar para ningún outro fin.

Artigo Trinta e catro

1. Para a execución de obras de urbanización ou ordinarias e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o Concello autorizará a petición da Entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rego ou hidrantes.
2. Cando o solicitante sexa o contratista, deberá constituír previamente ante o Concello, para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ao dobre do valor de reposición da boca de rego ou hidrante. A constitución deste depósito e o dereito a empregar a auga por estes medios quedará reflectido nun acordo específico. O depósito seralle devolto ao contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización da subministración, se non se tivesen producido danos.
3. O consumo de auga a que se refire o presente artigo será aboado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador ou, no seu defecto, segundo o mínimo establecido para usos non domésticos.
4. Salvo os casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rego ou hidrantes só estará permitida aos servizos públicos de extinción de incendios e a outros servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pagamento os consumos que se produzan pola utilización daquelas.

CAPÍTULO VII

Contadores

Artigo Trinta e cinco

1. Os contadores ou medidores de caudais de subministración de auga potábel serán dos tipos aprobados e verificados polas delegacións de Industria ou organismos competentes.
2. Os contadores poderán ser indistintamente propiedade dos abonados ao Servizo ou do concesionario, salvo que a lexislación relativa a aparatos de medida non prevea outra cousa.
3. En cumprimento do Prego de Bases que rexe a concesión do Servizo Municipal, os novos abonados poderán adquirir libremente os contadores nos lugares que estimen oportunos, sempre que os mesmos cumpran coas esixencias ás que se refire o punto primeiro deste artigo.
4. O concesionario, manterá unhas existencias de contadores, adecuadas ás necesidades e caudais da subministración, para a súa venda aos abonados que o soliciten. A venda dos ditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas que se establezan.

Artigo Trinta e seis

1. A colocación e instalación de contadores realizarase exclusivamente por persoal cualificado, baixo o control do concesionario, correndo os gastos a conta do abonado. O custo de instalación quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.
2. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados polo seu normal uso farase por persoal cualificado, como se establece no punto 1, sendo por conta do abonado, se o contador é da súa propiedade, e por conta do concesionario se está en réxime de aluguer.
3. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados por outras razóns diferentes ás do seu normal uso, faranse coas garantías establecidas nos puntos 1 e 2, e correspóndelle ao abonado o custo da substitución ou reparación.

Artigo Trinta e sete

O concesionario poderá cambiar o contador se o abonado non procede a cambialo transcorridos trinta días desde a notificación, facturando o importe dos traballos no recibo trimestral.

Artigo Trinta e oito

1. Toda vivenda unifamiliar ou local comercial independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ao exercicio profesional ou á prestación de calquera servizo, disporá dun contador individual.
2. Os edificios nos que fose preciso instalar grupos de elevación de auga, deberán dispor dun contador xeral para control de consumos. Este contador xeral de referencia estará instalado na cabeceira da acometida ao depósito comunitario, e na póliza correspondente a esta acometida figurará como abonado a comunidade de usuarios.
3. En caso de que unha comunidade de usuarios tivese instalados contadores individuais, o consumo do contador xeral de referencia deberá ser igual á suma das medidas dos importes correspondentes a cada contador individual. Aínda que, cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturárase á comunidade de usuarios.

Artigo Trinta e nove

1. O abonado estará obrigado a facilitarlle o acceso ao contador ao persoal do concesionario.
- A lectura dos contadores polo concesionario deberá facerse no período comprendido entre as oito e as vinte horas.
2. Co obxecto de facilitar o acceso aos contadores, estes deben instalarse nun lugar de uso comunitario e de fácil acceso.

Artigo Corenta

1. En caso de que un abonado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ao rexistrado polo seu contador, poderá solicitar a verificación no organismo oficial correspondente.
2. O concesionario, deberá desmontar o contador e remitilo a un laboratorio homologado oficialmente. O concesionario, substituirá inmediatamente o contador que deba ser verificado por outro novo e correctamente homologado.
3. Se se probase que o funcionamento do contador é correcto, o abonado deberá liquidar o consumo correctamente medido, segundo as tarifas en vigor, ademais do gasto de verificación do contador. Se o funcionamento do contador fose incorrecto, facturaráse o consumo mínimo, e os gastos de verificación resultarán a cargo do concesionario.

As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou organismo equivalente.

Artigo Corenta e un

1. O abonado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes.
2. O concesionario guiarase, porén, para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparatos de medida do Servizo, non estando obrigado a aceptar as reclamacións que se apoien en lecturas dos contadores non instalados polo concesionario.

Artigo Corenta e dous

1. A lectura periódica dos contadores será realizada por persoal do concesionario, debidamente acreditado. A lectura tomada determinará o consumo do abonado.

A facturación de consumos farase trimestralmente, independentemente da periodicidade coa que se efectúen as lecturas.

2. Cando, por circunstancias alleas á vontade do concesionario, non fose posíbel a lectura do contador do abonado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando na caixa de correos do abonado ou similar unha tarxeta na que se reflectirá esa circunstancia e na que o abonado poderá reflectir a lectura efectuada por el mesmo.

O abonado deberá devolver o impreso de lectura debidamente cumprimentado antes dos seis días seguintes á data da súa entrega polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario, con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como se non existise lectura.

TÍTULO TERCEIRO

Saneamento

CAPÍTULO VIII

Xeneralidades

Artigo Corenta e tres

1. O Concello por medio do concesionario, proporciona os seguintes servizos relacionados co saneamento:
 - a) A utilización da rede pública para a captación e canalización das augas residuais ata as estacións de depuración, e as augas pluviais ata as canles públicas.
 - b) O mantemento e conservación das redes de saneamento, así como o control da execución das instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes.
 - c) A limpeza da rede de sumidoiros, levando os residuos ás instalacións previstas e autorizadas para tal fin.
 - d) De forma transitoria, a limpeza, nos casos nos que sexa posíbel cos medios mecánicos do Servizo e sempre a custo do usuario, das foxas sépticas dos abonados, que non dispoñan do servizo de saneamento, ao servizo de abastecemento de auga e saneamento, en tanto a rede pública de saneamento non cubra a totalidade do municipio.
2. Os servizos regulados neste regulamento comprenden e alcanzan a poboación de Redondela e o seu termo municipal.

Artigo Corenta e catro

1. Os abonados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de cen metros da rede pública.

Para isto, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a custo do abonado.

2. O prezo de limpeza das foxas sépticas será o establecido no cadro de prezos aprobado polo Concello, e incluírá o vertido dos residuos na EDAR.

Prohíbese a realización de calquera residuo na EDAR que non sexa de carácter doméstico ou asimilábel, ou ben, aínda que teña esta procedencia, poida alterar o proceso de depuración.

3. É responsabilidade do abonado, como propietario da foxa séptica, a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.

Artigo Corenta e cinco

Os edificios fronte aos que existan redes de colectores públicas, verterán a estas directamente as augas pluviais e residuais a través das correspondentes acometidas, sen atravesar propiedades de terceiros.

Será preciso que as augas vertidas cumpran as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento e, no seu caso, na lexislación vixente.

Artigo Corenta e seis

1. As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa, deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg/cm².
2. Naqueles casos nos que os desaugadoiros dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, o propietario ou propietarios instalarán ao seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar o vertido á rede pública.

Artigo Corenta e sete

1. Naqueles casos nos que as vivendas, locais comerciais e edificios industriais utilicen auga doutras procedencias, ademais da rede pública de abastecemento, e vertan as súas augas residuais á rede pública de saneamento, o concesionario, aplicará a tarifa de saneamento que corresponda á estimación de ambos caudais.
2. Está prohibido o vertido á rede pública de saneamento de augas residuais por aqueles que non sexan abonados ao Servizo.
- 3.- Está prohibido o vertido de augas pluviais ao colector de fecais, así como o vertido de augas fecais ao colector de pluviais.

CAPÍTULO IX

Uso de redes

Artigo Corenta e oito

1. Queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de saneamento pública calquera dos seguintes produtos:
 - a) En xeral, todo tipo de substancias coas concentracións referidas no anexo número 2 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas ou naquelas disposicións legais vixentes en cada momento que resulten de aplicación, e en concreto na Ordenanza de Medio Ambiente do Concello de Redondela, no R.D.L. 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, no Regulamento do Dominio Público Hidráulico, na Lei 10/1998 de residuos, do 21 de abril, así como na Lei galega 10/1997 de residuos sólidos urbanos.
 - b) En particular, produtos inflamábeis ou explosivos, baixo calquera estado físico e en ningunha cantidade, e substancias tóxicas que poidan constituir riscos para a saúde dos operarios do servizo de saneamento ou provocar molestias públicas.
 - c) Substancias ou corpos capaces de causar a obstrución dos colectores, pola súa propia natureza ou por reacción química.
 - d) Disolventes orgánicos ou pinturas, substancias químicas tales como carburo cálcico, sulfuros, cianuros, formaldehídos, etc., nas concentracións marcadas pola lei.
 - e) Materias graxas ou aceites minerais ou vexetais cuxa concentración exceda de 250 ppm (partes por millón).
 - f) En ningún caso, se poderán autorizar vertidos que afecten aos acuíferos que conteñan substancias das expresadas na relación primeira do anexo ao Título III do R.D.P.H.
2. O concesionario encargarse da xestión de estacións de depuración de residuais, e en relación co inventario de vertidos industriais que deberá redactarse para o efecto, quedarán determinadas as substancias que poidan perturbar a boa marcha da instalación de depuración e os tratamentos particulares que deberá realizar, no seu caso, o abonado industrial, para que lle sexa permitido o vertido á rede de saneamento pública.
3. Os danos e prexuízos que se puidesen derivar dun vertido prohibido definido neste artigo serán imputados totalmente ao causante do mesmo, sen prexuízo das responsabilidades de tipo legal nas que puidese incurrir.

Artigo Corenta e nove

1. Esta prohibida a realización de calquera tipo de vertido que poida causar efectos perniciosos na infraestrutura de saneamento e nas estacións depuradoras, supoña riscos para as persoas ou molestias para a colectividade.
2. A infracción do disposto no parágrafo anterior deste artigo, independentemente da adopción das medidas legais que sexan do caso, dará lugar a que o Concello, ou no seu caso o concesionario, adopte as seguintes medidas:
 - a) A prohibición inmediata e total do vertido cando se trate de substancias cuxo efecto prexudicial non poida corrixirse na estación depuradora.
 - b) A obriga de implantar o tratamento preventivo, por exclusiva conta do abonado, que reduza as concentracións dos elementos contaminantes aos límites permitidos.
3. O Concello, ou/e no seu caso o concesionario, establecerá a vixilancia e comprobación regular dos vertidos e as súas concentracións.

Descuberta polo Concello, ou no seu caso polo concesionario, ou por inspectores autorizados, a existencia de vertidos irregulares, levantarase acta de infracción, que dará lugar ás correspondentes sancións administrativas ou a esixencia das responsabilidades a que haxa lugar.

Artigo Cincuenta

1. As acometidas de saneamento serán realizadas polo concesionario, agás nas obras de ampliación dos colectores que poderá facer directamente o Concello.
2. O mantemento das infraestruturas de saneamento, incluíndo as acometidas, corresponde ao concesionario.

Artigo Cincuenta e un

Non se autoriza a construción de acometidas lonxitudinais para inmóbeis situados con fronte ao viario público, salvo, excepcionalmente, cando os ditos inmóbeis estean rectificadas.

Artigo Cincuenta e dous

As obras de construción e instalación dos colectores e acometidas de saneamento axustaranse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas nas Ordenanzas Municipais de Edificación, e ao disposto no Planeamento en vigor.

Artigo Cincuenta e tres

1. As obras de construción e instalación das acometidas desde a fachada do inmóbel ata a conexión coa rede de saneamento pública existente executaranse polo Concello, ou no seu caso polo concesionario, segundo o orzamento presentado ao construtor, propietario ou abonado interesado, e segundo o cadro de prezos aprobado polo Concello.
2. A sección das conducións, tipo de rexistros e demais características da acometida rexeranse, polo demais, segundo as normas municipais de aplicación e as disposicións de planificación urbanística correspondente.
3. No seu caso, o concesionario poderá contratar con empresas capacitadas a execución da construción total ou parcial das acometidas, sen que poida, porén, renunciar á dirección da obra e ao control de calidade da execución, da que será responsábel final fronte ao Concello e ao propio abonado.

Artigo Cincuenta e catro

1. Unha vez executada a acometida, pasará a integrarse na rede pública municipal os ramais da mesma que ocupen terreos de dominio público.
2. Toda acometida da rede de sumidoiros deberá dispor dun pozo de rexistro no encontro co colector principal.
3. A limpeza das acometidas dentro da propiedade do abonado, a partir do momento da súa execución e enganche á rede pública, poderá ser executada polo Concello, ou no seu caso polo concesionario, quen percibirá do abonado o importe debidamente facturado pola dita limpeza como contraprestación.

Artigo Cincuenta e cinco

1. Para proceder á execución da acometida de saneamento, o propietario do inmóbel ou, no seu caso, o abonado deberá depositar previamente ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, con arranxo ao cadro de prezos aprobado polo Concello, terá realizado ben directamente, ben o concesionario.

A liquidación final da obra axustarase ás medicións da obra realmente executada, que poderá supor, por tanto, unha liquidación complementaria a favor ou en contra do abonado, e que se fará efectiva pola parte debedora de forma inmediata.

Artigo Cincuenta e seis

1. Previamente á conexión á rede pública de saneamento, o concesionario realizará as comprobacións que estime necesarias para controlar que o efluente previsto cumpre as condicións físico-químicas que se especifican neste regulamento, e que a instalación interior axústase ás normas aplicábeis.
2. Se o abonado ocultase datos ou enmascarase as características do efluente, serán de aplicación as actuacións de control e de posíbel suspensión do servizo que se reflectiron no artigo correspondente deste regulamento.

Artigo Cincuenta e sete

1. Cando con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertido, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar do concesionario, as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación das pólizas de servizo, a que dese lugar. As novas acometidas executaranse polo Concello, ou no seu caso polo concesionario con cargo ao propietario ou abonado, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.
2. En caso de que se descubrise, polos servizos técnicos do concesionario, a realización de obras de saneamento non comunicadas ao Servizo, levantarase acta deste feito, propondo, no seu caso, o concesionario a actuación que corresponda.

A execución de obras de saneamento que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste regulamento, tanto directa como indirectamente, e a ocultación de datos das acometidas, poderá motivar a inmediata suspensión do servizo e o cargo polo concesionario, ao abonado ou usuario dun ano de utilización do servizo, ás tarifas vixentes.

Artigo Cincuenta e oito

1. Nin o Concello nin o concesionario asumirán ningunha responsabilidade polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que discorran por terreos excluídos do viario e/ou espazos públicos.

2. En caso de que os Servizos de Sanidade do Concello ou das entidades públicas que correspondan, e por existir risco grave para a saúde pública, previo informe técnico sanitario en tal sentido, decidisen a necesidade de executar obras de saneamento en terreos non públicos, ou labores de limpeza e desatascos en dominios privados, o Concello poderá ordenarlle ao concesionario a execución deses traballos, autorizando o reparto ou derrama dos custos incorridos entre todos os abonados e usuarios afectados.

A relación de afectados e o orzamento e custo das obras será xustificado polo concesionario ante os responsábeis designados polo Concello.

3. A realización de obras de substitución e de reparación preventiva da rede pública de saneamento será acordada periodicamente co Concello

Artigo Cincuenta e nove

1. A instalación de saneamento interior do inmóbel deberá ser realizada polo promotor ou propietario, axustándose ao disposto nas Ordenanzas Municipais de Edificación e en toda a normativa vixente en cada momento para este tipo de instalación.
2. En instalacións hoteleiras, grandes bloques de apartamentos e, en xeral, en todos aqueles edificios que poidan albergar un número importante de persoas, o concesionario, poderá esixir a construción dunha arqueta decantadora de graxa e sólidos, no interior do inmóbel e antes da acometida, para autorizar o seu vertido. Para este efecto, o concesionario, redactará un informe técnico no que quedarán xustificadas as características construtivas da dita arqueta.
3. Nas instalacións de tipo industrial, a infraestrutura de saneamento interior deberá dispor das instalacións de tratamento necesarias para garantir que o efluente reúne as condicións físico-químicas esixidas por este regulamento.
4. As operacións de limpeza, conservación e reparación das instalacións particulares de saneamento, serán por conta, e responsabilidade do abonado.

CAPÍTULO X

Utilización da rede de sumidoiros

Artigo Sesenta

1. Nos casos nos que, excepcionalmente, se concedan acometidas ou tomas de auga provisionais para obras, o concesionario indicarlle ao construtor ou solicitante, cando fose necesario, o punto autorizado para o vertido das augas residuais.
2. O construtor e os usuarios desa acometida provisional absteranse de verter ningunha materia que, por si mesma ou en reacción coa auga, poida provocar atascos e danos na condución de saneamento, e serán responsábeis dos danos en que puidese incurrir.
3. A autorización de vertidos, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede de saneamento pública seralle solicitada ao concesionario nos impresos que se faciliten por este, consignándose os datos necesarios para identificación dos vertidos que se pretendan. O concesionario, aplicará os prezos que correspondan, deducidos da taxa industrial de saneamento aprobada.

Artigo Sesenta e un

Salvo no caso dos supostos previstos neste regulamento, o contrato de servizo corresponderá conxuntamente ao servizo de abastecemento e ao de saneamento, prohibíndose expresamente a alta dun só deles cando existe saneamento e abastecemento.

Artigo Sesenta e dous

1. A efectos do presente regulamento, os vertidos clasifícanse nas modalidades seguintes:
 - a) Augas de desperdicio domésticas, ou residuais domésticas.
 - b) Augas de desperdicio industriais, ou residuais industriais.
2. Considéranse como augas residuais domésticas as que proceden do uso da auga de abastecemento en vivendas, sexan individuais ou colectivas, así como daquelas institucións e centros que sexan asimilados, pola súa natureza ou en razón do servizo social que presten, á taxa de saneamento doméstica aprobada.

Estas augas residuais carretarán, salvo casos excepcionais, os desfeitos procedentes da preparación, cocción e manipulación de alimentos, as augas de lavado de roupas e utensilios de cociña, excrementos humanos e materiais biodegradábeis producidos no normal desenvolvemento das actividades domésticas.

Non se permite a incorporación ás augas residuais domésticas de disolventes, pinturas, ácidos, hidrocarburos, substancias sólidas non degradantes, plásticos nin aqueles elementos que poidan provocar obturación das conducións ou o seu dano. Evitarase, igualmente, a incorporación de filtros de cigarros, preservativos e, en xeral, aqueles elementos que sexan de difícil ou imposíbel eliminación nas depuradoras de residuais, e cuxa relación será proporcionada, a petición dos abonados e usuarios, polo Concello, ou no seu caso polo concesionario.

3. Considéranse como augas residuais industriais as procedentes do uso da auga de abastecemento en establecementos industriais, naves e locais comerciais de todo tipo, que poidan ser susceptíbeis, como consecuencias da actividade destes establecementos, de carretar outros desfeitos diferentes ademais, ou en vez, dos presentes nas augas residuais definidas como domésticas.
4. A tarifa de abastecemento e saneamento que se aplicará deberá ser, en todos os casos, uniformemente, industrial ou doméstica.

Artigo Sesenta e tres

1. As autorizacións de vertidos á rede de saneamento quedarán sen efecto nos seguintes casos:
 - a) A petición do abonado, de non existir finalmente ocupación nin utilización da vivenda, local ou establecemento, o que suporá darse de baixa como abonado do abastecemento e, simultánea e consecuentemente, do saneamento.
 - b) Por decisión das autoridades, como consecuencias de resolución xudicial ou administrativa, a proposta ou non do concesionario.
2. Con carácter específico, os vertidos á rede de sumidoiros teñen que axustarse na súa composición e características ás condicións e requisitos que se indican, afectándolle as condicións que se expresan:
 - a) Ausencia total de gasolinas, naftas, petróleo e produtos intermedios de destilación, benceno, tolueno, xileno e de calquera outro disolvente inmiscíbel en auga, así como substancias combustíbeis ou inflamábeis.

Os talleres de automóviles, garaxes e similares de nova apertura deberán dispor de foxas de decantación, e os existentes carentes delas instalaranas e estarán en disposición de funcionamento nun prazo máximo dun ano desde a aprobación definitiva do presente regulamento.

- b) Ausencia total de carburo cálcico e outras substancias tóxicas potencialmente perigosas como hidruros, peróxidos, cloratos, percloratos e bromatos.
 - c) Ausencia de compoñentes susceptíbeis de dar lugar a mesturas inflamábeis ou explosivas. A tal efecto, as medidas efectuadas cun explosímetro no punto de descarga de vertidos á rede de sumidoiros deberán dar sempre valores inferiores ao 10% do límite inferior de explosividade.
 - d) Ausencia de cantidades notábeis de materias sólidas, viscosas ou constituídas por partículas de gran tamaño, susceptíbeis de provocar obstrucións nos sumidoiros e obstaculiza os traballos de conservación e limpeza da rede, incluíndose, entre outras substancias ou materiais, cinzas, cisco, area, barro, palla, labras, metal, vidro, trapos, ceras e graxas semisólidas, sangue, esterco, desperdicios de animais, e outras análogas, xa sexan enteiras ou trituradas.
 - e) Ausencia de vertidos periódicos ou esporádicos cuxa concentración, caudal horario ou cantidade horaria de contaminantes exceda durante calquera período maior de 15 minutos e en máis de 5 veces o valor termo medio en 24 horas da concentración, caudal horario ou cantidade horaria de contaminantes, e que poidan causar perturbacións no proceso de tratamento das augas residuais.
 - f) Ausencia de concentracións de desperdicios radioactivos que infrinxan as regulamentacións aplicábeis.
 - g) Ausencia de desperdicios con coloracións indesexábeis, e non eliminábeis polo proceso de depuración de augas aplicado.
 - h) Ausencia de disolventes orgánicos e pinturas, calquera que sexa a súa proporción e cantos líquidos conteña, produtos susceptíbeis de precipitar ou depositarse na rede de sumidoiros ou reaccionar coas súas augas.
 - i) Con carácter xeral, quedará prohibido o vertido de substancias ou materias que, por disposición da Lei 20/86, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos e do R.D. 833/88, do 20 de xullo, polo que se aprobou o regulamento para a súa execución, teñan a condición de tóxicos ou perigosos. Especificamente, con respecto aos talleres de automóviles, garaxes e similares, estarase obrigatoriamente ao disposto nas Ordes do MOPU do 28 de febreiro de 1989 e 13 de xuño de 1990 sobre a xestión de aceites usados, considerados por esta regulamentación como tóxicos e perigosos.
 - k) Non se permitirá o envío directo á rede de sumidoiros de gases procedentes de escapes de motores de explosión.
3. A presenza nos residuos enviados á rede pública de corpos e substancias que, aínda non sendo por si mesmos prexudiciais, poidan provocar atascos na rede, obrigará a instalar a foxa de decantación correspondente. O concesionario informarlle ao Concello destes casos, ademais de ao abonado, para que a entidade pública proceda en consecuencia no caso de que o causante dos vertidos non adopte as medidas ordenadas.
 4. En todo caso, está totalmente prohibido o vertido á rede de sumidoiros de calquera substancia comprendida nas táboas 3 e 4 do Anexo I do R.D. 833/88 do 20 de xullo.

CAPÍTULO XI

Condicións para a autorización de vertidos industriais

Artigo Sesenta e catro

1. Con independencia dos requisitos de carácter xeral, que son de obrigado cumprimento, os solicitantes de acometidas de saneamento para residuos industriais deberán presentarlle ao concesionario un proxecto contendo a descrición detallada dos seus vertidos, indicando características físico-químicas, caudais e periodicidade. Á vista dos datos achegados, o concesionario poderá autorizar ou non a conexión á rede pública de colectores, sen necesidade de tratamento correcto previo.
2. Se da valoración realizada polo concesionario, do proxecto citado se desprendese que non é posíbel a autorización dos vertidos e fose necesario establecer instalacións correctoras para adecualos aos límites permitidos, o concesionario comunicarllo ao interesado, ordenándolle as correccións que cómpre introducir e concedéndolle un prazo que estará en razón á magnitude das mesmas.

Artigo Sesenta e cinco

A execución das obras e instalacións de saneamento interiores, a súa conservación e garantía de correcto funcionamento estarán a cargo dos propietarios ou titulares da industria, podendo ser comprobado o seu estado por persoal do concesionario, cando sexa necesario, en razón das garantías de control e bo servizo que está obrigado a subministrar.

Artigo Sesenta e seis

1. Non se permitirá a conexión ás redes de auga nin ás de sumidoiros ás industrias que non dispoñan de autorización, emitida en conformidade aos proxectos e informes técnicos presentados.
2. Se das comprobacións e análises que efectúen para o efecto se determinase que os resultados do tratamento corrector non son os previstos no proxecto aprobado ou resultasen insuficientes, o usuario está obrigado a introducir as modificacións necesarias para obter os resultados do proxecto inicial.

Artigo Sesenta e sete

1. As análises e probas para comprobar as características dos vertidos efectuaranse por persoal facultativo do concesionario, cos seus medios ou os que fosen precisos, de acordo cos métodos estándar aprobados polo Concello ou os organismos competentes.
2. O concesionario, utilizará os procedementos normalizados para os casos máis frecuentes de homoxeneización, neutralización, identificación e almacenamento de substancias, análises dos vertidos prohibidos, separacións de graxas e aceites, decantación de sólidos, etc., podendo, non obstante, os interesados propor un sistema de control e identificación distinto, que deberá ser previamente aprobado pola Administración competente.
3. Os gastos das análises correrán a cargo do abonado, empresa ou particular que sexa causante dos vertidos ou, no seu caso, encargara a realización das probas de identificación ou os seus contrastes.

Artigo Sesenta e oito

1. Para a toma de mostras, exame e control dos vertidos, o persoal do concesionario, verá facilitado polos donos ou titulares das industrias o acceso ás propiedades, dependencias e instalacións nas que se produzan vertidos á rede de saneamento pública, para realizar as medicións ou outros medios de comprobación que se estimen necesarios en relación co servizo.

TÍTULO CUARTO

Réxime económico

CAPÍTULO XII

Facturación, Cobro e Información

Artigo Sesenta e nove

1. É obrigatoria, se así o estimase o concesionario, a verificación e precintado de todo aparato de medida, en canto as súas lecturas serven de base de liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante:
 - a) Que o contador pertence a un sistema aprobado.
 - b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto.
 - c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidese alterar o seu bo funcionamento.
2. O abonado nunca poderá manipular no aparato de medida nin no seu precinto, salvo autorización escrita do concesionario. A súa instalación e precintado será realizado sempre polo persoal do concesionario.

Artigo Setenta

Os aparatos medidores de consumo serán verificados:

- a) Previamente á súa instalación no terreo ou local que cómpre abastecer.
- b) Despois de toda reparación.
- c) Sempre que se estime necesario polo concesionario.
- d) Por disposición do Concello e das autoridades competentes.

Artigo Setenta e un

É obriga do abonado a conservación en bo estado do aparato de medida e do recinto no que se aloxa, así como do acceso ao mesmo.

Artigo Setenta e dous

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado concretarase pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación.

Artigo Setenta e tres

Cando non sexa posíbel coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, ausencia do abonado no momento no que se intentou tomar a lectura, ou por causas imputábeis ao concesionario, a facturación do consumo efectuarase con arranxo ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir referencia, liquidarase as facturacións con arranxo á media aritmética dos dous trimestres anteriores.

1. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter o termo medio ao que se alude no parágrafo anterior, os consumos determinaranse en base ao termo medio que se obteña en función dos consumos coñecidos de períodos anteriores. Se tampouco isto fose posíbel, facturarase o mínimo.
2. Os consumos así estimados terán o carácter firme no suposto de avaría no contador, e de liquidación a conta nos restantes supostos, nos que, unha vez obtida a lectura real, regularizarase a situación, por exceso ou por defecto, na facturación do seguinte período.

Artigo Setenta e catro

Os impostos, taxas, arbitrxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse polo Estado, Provincia, Municipio ou calquera Administración Pública, que graven dalgunha forma, ben a documentación que sexa necesario formalizar para subscribir un contrato de subministración, ou ben a subministración en si mesma, así como calquera outra circunstancia relacionada con este, serán por conta do abonado.

Artigo Setenta e cinco

1. O abonado poderá facer efectivo os importes facturados polo concesionario nas caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos ou oficinas autorizadas polo concesionario, e preferentemente a través da conta do abonado na entidade bancaria ou caixa de aforros que para o efecto se sinale. Igualmente, en casos excepcionais, o abonado poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou outro medio similar, sempre coa conformidade previa e expresa do concesionario.
2. O abono dos recibos periódicos do servizo efectuarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, con oficina aberta no termo municipal ou, no seu defecto, e no seu caso, nas caixas de aforros, entidades de crédito ou outros establecementos ou oficinas autorizadas polo concesionario.
3. En caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputábeis ao abonado, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo da dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

Artigo Setenta e seis

1. O concesionario, está obrigado a comunicarlle aos seus abonados o prazo do que dispoñen para facer efectivo o importe dos recibos, sen que este poida ser inferior a trinta días naturais.
2. O concesionario, porá ao cobro os recibos facturados nos lugares que cada abonado terá comunicado oportunamente. A domiciliación dos recibos, salvo casos excepcionais, realizarase a través de entidades bancarias.
3. De non facer efectivo o recibo dentro dos primeiros dez días da súa presentación, no caso dos recibos pagos por portelo, ou no mesmo prazo de dez días, no caso dos recibos domiciliados en entidades bancarias, o abonado disporá dun segundo prazo de vinte días, nas oficinas do concesionario, no seu caso, para o pagamento voluntario dos ditos recibos. En caso de falta de pagamento dos recibos correspondentes durante dúas mensualidades, entenderase que o titular renuncia á prestación do servizo, procedéndose á suspensión da subministración, sen prexuízo da súa recadación polo procedemento oportuno.

Artigo Setenta e sete

O abonado poderá obter do concesionario, calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada coa subministración que se xerese nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

O concesionario disporá dunha oficina de información ao público dentro do centro urbano da cidade, para os efectos de información e reclamacións.

O abonado que desexe formular unha reclamación sobre a facturación poderao facer por medio de escrito dirixido ao servizo de auga ou ben presentándose persoalmente nas súas oficinas e acompañando os recibos que se presuman que conteñan erros. Á disposición dos abonados existirá nas oficinas do servizo de augas un libro de reclamacións selado e visado polo Concello.

Artigo Setenta e oito

1. O abonado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos do concesionario. A devolución das cantidades percibidas indebidamente farase efectiva no prazo de quince días, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que provoque o erro.

2. Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación, e nela acompañaranse os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ao caso corresponda.
3. O concesionario queda obrigado a resolver a reclamación, á maior brevidade.
4. De estar o abonado en desacordo coa resposta á reclamación, dada polo concesionario, poderá presentar nova reclamación diante do Concello, que resolverá no prazo de 30 días.

Artigo Setenta e nove

Non será atendida ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada polo abonado ou persoa que o represente legalmente.

CAPÍTULO XIII

Finanzas, inspeccións e sancións (Liquidacións por actos irregulares)

Artigo Oitenta

1. Nas subministracións para a construción de obras, o Concello, ou no seu caso o concesionario, poderá esixirlle ao promotor unha fianza para responder dos posibles danos ocasionados nas instalacións afectas ao servizo durante a execución das obras de construción. O importe da fianza será similar ao establecido no Cadro de Prezos para a realización dos traballos do servizo, no referente a instalación de acometidas.
2. Á conclusión das obras e tras ter efectuado o promotor a correspondente solicitude para o cambio do tipo de subministración, a fianza seralle devolta integramente, sempre e cando non se producise ningunha incidencia no período comprendido para a subministración da obra. En caso contrario efectuaráselle a correspondente liquidación e devolveráselle ou deberá aboar, segundo o caso, a parte correspondente, segundo sexa o montante da factura polo servizo afectado no seu día.

Artigo Oitenta e un

1. O concesionario, poderá vivir as condicións e forma na que os abonados utilizan o servizo de abastecemento e saneamento.
2. A negativa a facilitarlle a entrada en horas hábiles ás persoas autorizadas polo concesionario, para efectuar as ditas comprobacións, xustificárase mediante a presenza dun axente da autoridade ao único efecto de que sexa testemuña da negativa.

Artigo Oitenta e dous

1. A actuación dos inspectores acreditados reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio do abonado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregáraselle ao abonado.

2. Os inspectores para o efecto deberán invitar o abonado, persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine a acta, podendo o abonado facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará á tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. Coa acta iniciárase o correspondente expediente, que se trasladará ao abonado coa proposta que proceda. O abonado disporá de 10 días para presentar as alegacións que estime pertinentes, resolvendo o concesionario. No caso de desacordo coa resolución do concesionario, o abonado poderá reclamar diante do Concello, que resolverá no prazo de 30 días. Non se tomarán en consideración as reclamacións que non veñan asinadas polo abonado titular ou quen acredite a súa representación.

Artigo Oitenta e tres

O concesionario, en posesión da Acta, formulará a liquidación da fraude, caso de existir, distinguíndose, a efectos da devolución e as responsabilidades da fraude, os seguintes casos:

- a) Que non exista ningún contrato para a subministración de auga.
 - b) Que por calquera procedemento, se manipulase ou alterase o rexistro do contador ou aparato de medida.
 - c) Que se realizasen derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.
 - d) Que se empregue a auga para usos distintos dos contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa que cómpre aplicar.
1. O concesionario, practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

Caso a. Formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente tivese correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo que medie entre a detención da fraude e o momento no que se emendase a súa existencia, sen que poida estenderse, en total, a máis dun ano.

Caso b. Se se falsearon as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo a considerar en oito horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo exceda do ano, descontarase os consumos que durante este período de tempo fosen aboados polo autor da fraude.

Caso c. Se a fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase como no caso primeiro, de non existir contrato de subministración, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

Caso d. Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada de forma indebida practicarase a favor do concesionario, aplicándose ao consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período correspondente ao uso real que se lle está dando á auga, e as que, no dito período, se aplicaron en base ao uso contratado. O dito período non poderá ser computado en máis dun ano.

2. En todos os casos, o importe da fraude deducida con arranxo aos preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutíbeis, debéndose consignar a súa contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.
3. As liquidacións que formule o Concello, ou no seu caso o concesionario, seranlles notificadas aos interesados que, contra as mesmas, poderán formular reclamacións ante o órgano municipal competente en canto haxa resolución e poderán interpor recurso administrativo de reposición, sen prexuízos das demais accións nas que se consideren asistidos.

TITULO QUINTO

Réxime sancionador

CAPÍTULO XIV

Infraccións

Artigo Oitenta e catro

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra o presente regulamento dará lugar á imposición de sancións aos infractores, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexuízos, e da responsabilidade de orde penal que procedese.

Artigo Oitenta e cinco

As infraccións contra este Regulamento poden ser moi graves, graves e leves.

Artigo Oitenta e seis

Son infraccións moi graves:

1. No relativo ao servizo de abastecemento:
 - a) Provocar, voluntaria ou involuntariamente, retornos de auga cara á rede pública con perigo de alterar as súas condicións de potabilidade.
 - b) Os comportamentos negligentes ou maliciosos que provoquen calquera tipo de contaminación na rede de distribución.
 - c) A reincidencia nas infraccións graves.
2. No relativo ao vertido e saneamento de augas residuais:
 - a) O exercicio de actividades sen obtención de licenzas, autorización, clasificación da actividade, permiso ou concesión, se causan danos e prexuízos reais aos sumidoiros.
 - b) A ocultación ou a alteración maliciosa de datos achegados aos procedementos administrativos para a obtención de licenzas, autorizacións, permisos ou concesións.
 - c) A conexión das augas fecais aos colectores de augas pluviais.
 - d) A reincidencia nas infraccións graves.

Artigo Oitenta e sete

Son infraccións graves:

1. No relativo ao servizo de abastecemento:
 - a) Destinar a auga a usos diferentes dos pactados.
 - b) Subministrar auga a terceiras persoas, xa sexa gratuitamente ou a título lucrativo.
 - c) Impedir a entrada ao persoal do servizo en horas de normal relación co exterior, ao lugar onde se atopan as instalacións, conexións ou contadores do abonado.
 - d) Abrir ou pechar a chave de rexistro situada na vía pública sen causa xustificada, tanto se está precintada ou non.
 - e) Manipular as instalacións co obxecto de alterar a medida rexistrada polos contadores.
 - f) Non atender o requirimento que o Concello dirixa aos abonados a través do servizo para que reparen os defectos observados na súa instalación, no prazo indicado nos requirimentos.
 - g) Non realizar a conexión ao abastecemento cando se cumpre o establecido nos artigos 11 e 12.5.
 - h) Subtraer auga a través de bocas de rego, apertura de válvulas e/ou hidrantes, destinándoa a outros fins particulares distintos para os que foron concibidos tales elementos, sen autorización e/ou coñecemento do concesionario e do Concello.
2. No relativo ao vertido e saneamento de augas residuais:

- a) A construción, modificación ou o uso do sumidoiro ou das conexións á rede e instalacións anexas, sempre que unhas e outras sexan de propiedade particular, sen obter previamente a licenza municipal, ou sen axustarse ás condicións especiais sinaladas no permiso ou nos requisitos xerais establecidos nesta Ordenanza.
- b) Causar danos nas instalacións municipais polo uso indebido ou por actos realizados con negligencia ou mala fe.
- c) A infracción de calquera das prescricións ditadas polo Concello como consecuencia da declaración dunha situación de emerxencia.
- d) O funcionamento, a ampliación ou a modificación dunha industria, que lle afecte á rede de sumidoiros, sen a obtención previa da autorización do vertido.
- e) A omisión ou atraso na instalación dos pretratamentos depuradores esixidos polo Concello, así como a falta da instalación ou funcionamento dos dispositivos fixos de aforos de caudais e tomas de mostras ou de aparatos de medición.
- f) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións non autorizadas e o desprecintado ou a anulación dos que subministrase o Concello.
- g) Obstaculizar a función inspectora do Concello.
- h) Non realizar a conexión ao saneamento cando se cumpra o establecido nos artigos 44.1 e 12.5.
- i) Conectar as augas pluviais aos colectores de fecais.

Artigo Oitenta e oito

Son infraccións leves:

1. En xeral, calquera acción ou omisión que infrinja disposicións contidas nas normas sectoriais de rango legal e que non resulten tipificadas como infraccións moi graves ou graves nesta Ordenanza ou nas leis de carácter sectorial.
2. No relativo ao servizo de abastecemento:
 - a) As descargas non autorizadas de auga na vía pública, procedentes da instalación interior particular.
 - b) A non corrección ou arranxo das fugas detectadas nas instalacións exteriores.
 - c) Coller auga das fontes públicas para usos industriais, comerciais ou agrícolas.
3. No relativo ao vertido e saneamento de augas residuais:
 - a) A demora non xustificada na achega de informes ou documentos en xeral, solicitados pola Administración na súa tarefa de control das actividades.

CAPÍTULO XV

Sancións

Artigo Oitenta e nove

Clases de sancións: as sancións que se imporán son as seguintes:

- a) Multa
- b) Suspensión temporal, total ou parcial, da subministración ou permiso do vertido ou da licenza ou título que autoriza.
- c) Precintado da acometida do abastecemento, ou clausura doutros medios mecánicos no vertido, ambos con carácter temporal ou definitivo.

As sancións previstas neste regulamento imporanse con independencia da responsabilidade civil ou criminal que poida ser esixida ante os tribunais competentes, aos que se lle dará, se procedese, parte dos feitos.

Artigo Noventa

Grao da multa:

A multa que se impón ten tres graos que se corresponden, respectivamente, coas infraccións leves, graves e moi graves, segundo os seguintes límites:

- a) Infraccións leves, entre 90,00 e 750,00 euros.
- b) Infraccións graves, entre 750,01 euros e 1.500,00 euros.
- c) Infraccións moi graves, entre 1.500,00 euros e 3.000,00 euros.

Artigo Noventa e un

O órgano sancionador poderá impor multas coercitivas nos supostos previstos na Lei 30/92, do 26 de novembro. A contía de cada multa non poderá exceder do 10% da sanción máxima fixada para a infracción cometida.

Artigo Noventa e dous

Competencia

O Alcalde ou no seu caso o Concelleiro Delegado, é o órgano competente para sancionar as infraccións recollidas neste Regulamento.

CAPÍTULO XVI

Graduación das Sancións

Artigo Noventa e tres

As sancións imporanse atendendo ás circunstancias do responsábel, á negligencia e intencionalidade, grao de culpa, reincidencia, participación e beneficio obtido, e grao de dano causado.

Artigo Noventa e catro

Causas de agravamento

A afectación manifesta da saúde e a seguridade das persoas, debidamente constatada no procedemento, comporta a imposición da sanción máxima que se sinalara para a infracción.

Artigo Noventa e cinco

Reincidencia

Enténdese que hai reincidencia cando o infractor fora sancionado, por resolución firme, por cometer máis dunha infracción da mesma natureza, no período do ano inmediatamente anterior.

CAPÍTULO XVII

Responsabilidade

Artigo Noventa e seis

Persoas responsábeis

Son responsábeis das sancións tipificadas neste Regulamento todos aqueles que participan na comisión do feito infractor por calquera título, sexan persoas físicas ou xurídicas.

Artigo Noventa e sete

Autores

Son responsábeis en concepto de autor aqueles que cometesen directa ou indirectamente o feito infractor, e tamén aqueles que impartan as instrucións ou ordes precisas para cometelo.

CAPÍTULO XVIII

Medidas cautelares

Artigo Noventa e oito

Os facultativos dos servizos técnicos municipais, poderán suspender provisionalmente a execución das obras e instalacións que contraveñan as disposicións deste Regulamento, e impedir tamén provisionalmente o uso indebido das instalacións municipais; esta medida adoptárase mediante requirimento e para manter a súa eficacia haberá de ser ratificada durante os cinco días hábiles seguintes polo Alcalde ou no seu caso polo Concelleiro Delegado.

Artigo Noventa e nove

No caso de vulneración das disposicións do presente Regulamento e con independencia da imposición das multas que procedan, a Administración, coa finalidade de suprimir os efectos da infracción e restaurar a situación de legalidade, poderá adoptar algunha ou varias das medidas seguintes:

- a) A suspensión dos traballos de execución das obras de acometida ou de instalación de pretratamento indebidamente realizadas.
- b) O requirimento ao infractor para que, no prazo que se sinala para o efecto, introduza nas obras e instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións da licenza ou ás disposicións desta Ordenanza.
- c) O requirimento ao infractor para que, no prazo que se fixe, proceda á reposición das obras e instalacións indebidamente realizadas ao seu estado anterior, á demolición do indebidamente construído ou instalado e á reparación, se fose preciso, dos danos ocasionados.
- d) A imposición ao usuario das medidas técnicas necesarias que garantan o cumprimento das limitacións consignadas no permiso de vertido, para evitar o afluente anormal.
- e) A introdución de medidas correctoras concretas nas instalacións coa finalidade de evitar o incumprimento dos preceptos deste Regulamento e a redacción, se fose preciso, do proxecto correspondente, no prazo que fixe a Administración.
- f) A clausura ou precintado das instalacións no caso de que non sexa posíbel técnica ou economicamente evitar a infracción, mediante as medidas correctoras oportunas.
- g) A caducidade do permiso de vertido á rede de sumidoiros no caso de contumacia no incumprimento das condicións.
- h) O resarcimento dos danos e prexuízos ocasionados nas instalacións municipais, obras anexas ou en calquera outro ben patrimonial municipal que resultase afectado.

CAPÍTULO XIX

Procedemento

Artigo Cen

As sancións a que se refiren os artigos anteriores serán impostas coa instrución previa do procedemento oportuno, que se tramitará segundo o que dispón a Lei 30/1992, de bases do réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común, e no establecido no Regulamento da potestade sancionadora 1398/1993, do 4 de agosto

Artigo Cento un

Apreciación do delito ou falta

1. En calquera momento do procedemento sancionador, no que se aprecie a posíbel cualificación dos feitos perseguidos como constituíntes do delito ou falta, comunicárase ao Ministerio Fiscal, e o procedemento administrativo suspenderase unha vez que a autoridade xudicial incoe o proceso penal que corresponda.
2. Se a autoridade xudicial non aprecia a existencia de delito ou falta, ou de responsabilidade da persoa suxeita a expediente, o Concello continuará o procedemento sancionador, salvo que a resolución declare a inexistencia do feito e a non responsabilidade do inculpado, ben que neste segundo caso se poida continuar o procedemento sancionador respecto doutras persoas afectadas pola declaración xudicial.
3. A substanciación do proceso penal non impide o mantemento de medidas cautelares, nin tampouco a adopción daquelas outras que resulten imprescindíbeis para o restablecemento da situación física alterada ou que tendan a impedir novos riscos para as persoas ou danos nos bens ou medios protexidos.

Disposición Final primeira

As disposicións contidas no presente regulamento serán obrigatorias para o concesionario actual do servizo, na medida en que non contradigan o contrato asinado co mesmo, polo que, no caso de discordancia, resolverase a mesma de acordo co prego de condicións que serviu de base á concesión.

Disposición Final segunda.

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao preceptuado neste regulamento.

Disposición Final terceira.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro e definitivo no *Boletín Oficial da Provincia* e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.